




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



A Resolución de 7 de xullo de 1994 (BOEdo 5 de agosto) polo que se aproba o plano de estudos da Licenciatura de Farmacia, contén a táboa de adaptación do plano de 1973 (vello) ó plano renovado. Asemade mediante resolución do 4 de outubro de 1999 aprobouse a táboa de adaptación do plano de estudos de 1973 ó plano de 1999 da Licenciatura en Farmacia.

En ningunha das táboas de adaptación aprobadas se indica nada respecto da posibilidade de recoñecer como créditos optativos ou de libre elección as materias do plano de estudos de 1973 que non teñen equivalencia nos planos de 1994 nin no de 1999, e polo tanto non figuran nas respectivas táboas de adaptación.

Co obxecto de dar resposta a esta situación é lógo do informe do Centro,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Adaptar as materias do plano de 1973, que máis abaixo se indican, que non teñen equivalencia nas táboas de adaptación no plano de 1994 por créditos de libre elección.

SEGUNDO.- Adaptar as materias do plano de 1973, que máis abaixo se indican, que non teñen equivalencia nas táboas de adaptación no plano de 1999 por créditos optativos non vinculados ou de libre elección.

TERCEIRO.- O número de créditos que se recoñecerá por cada materia do plano de 1973 será o establecido na Resolución Rectoral de equivalencia do 5 de marzo de 2001.

CUARTO.- A presente Resolución complementa as táboas de adaptación entre os planos de estudio de 1973-1994 e 1973-1999 publicadas.

TABOAS DE ADAPTACIÓN	
PLANO 1973	PLANO 1994
102 Física	Créditos de libre elección
104 Bioloxía	Créditos de libre elección
105 Xeoloxía	Créditos de libre elección
106 Inglés	Créditos de libre elección
PLANO 1973	PLANO 1999
102 Física	Créditos de libre elección
104 Bioloxía	Créditos de libre elección
105 Xeoloxía	Créditos de libre elección
106 Inglés	Créditos de libre elección
405 Edafoloxía	Créditos optativos non vinculados ou de libre elección
407 Microbioloxía Industrial.	Créditos optativos non vinculados ou de libre elección
505 Ecoloxía Vexetal	Créditos optativos non vinculados ou de libre elección

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2002

RECTOR

Dario Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SRA. DECAÑA DA FACULTADE DE FARMACIA - SRA. XEFE DO SERVIZO DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.